


PLAN ANUAL DE LECTURA 2017/18

IES LOSADA DIÉGUEZ



ÍNDICE

- Obxectivos.....Páx. 3
- Actividades.....Páx. 3
- Persoa responsablePáx. 4
- ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL.....Páx. 4
- Departamento de Bioloxía e Xeoloxía
- Departamento de Filosofía
- Departamento de Economía
- Departamento de Xeografía e Historia
- Departamento de Lingua Galega
- Departamento de Lingua Española
- Departamento de Grego
- Departamento de inglés
- Departamento de Tecnoloxía

➤ **OBXECTIVOS:**

Como desenvolvemento do Proxecto Lector do centro, o I.E.S. Losada Diéguez elaborou un Plan Anual de Lectura no que se plasman todas as actuacións que os distintos departamentos didácticos pretenden realizar coordinadamente ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos no citado proxecto.

Estes son os obxectivos:

- 1.- Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- 2.- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- 3.- Contribuír a mellorar a súa competencia na expresión oral e escrita.
- 4.- Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
5. - Fomentar a creatividade.

➤ **ACTIVIDADES:**

Actividades para todo o curso:

➤ **CLUB DE LECTURA**

O club de lectura, 'RETELLADORES/AS DO GALIÑEIRO' comezou hai cinco anos e continuou sen interrupción a súa actividade ata o día de hoxe. Forma parte, por tanto, das actividades ofertadas polo centro e consolidadas co paso dos anos, debido á boa acollida que ten por parte do alumnado.

Grupos club de lectura:

- Alumnado de 1º de ESO
- 3º ESO
- Grupo de 2º bacharelato de lectura científica
-

➤ **PROXECTO INTERDISCIPLINAR**

Para o curso 2016-2017, desde o equipo da Biblioteca propónse como tema **interdisciplinar 'Conhece o teu contorno'**. Todos os departamentos e a Biblioteca tratarán este tema nas súas actividades lectoras. A Biblioteca proporcionará os recursos necesarios (en función do orzamento) e fará propostas de actividades aos departamentos e á comunidade educativa en xeral. Continuaremos compartindo o proxecto no blogue onde se irán subindo recursos de interese sobre o tema, tanto os recollidos en fontes alleas, como os materiais que vaian elaborando os distintos departamentos e a propia Biblioteca.

Actividades puntuais:

- ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA (contacontos, representacións teatrais, visita de escritores/as, obradoiros...)
- REALIZACIÓN DE GUÍAS DE LECTURA
- FORMACIÓN DE USUARIOS/AS E CREACIÓN DO GRUPO DE VOLUNTARIADO
- CELEBRACIÓN DO DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 24 Outubro
- DÍA DA CIENCIA EN GALEGO
- ACTIVIDADES PARA COMBATIR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES 25N
- CELEBRACIÓN DO DÍA DE CASTELAO
- CONCURSO DE MICRORELATOS E MICROPOEMAS CONVOCADO POR DINAMIZAESTRADA
- DÍA DA PAZ 30 X / DÍA DO HOLOCAUSTO 31X
- CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA 24 F
- DÍA DAS MULLERES 8M
- DÍA DA POESÍA 21 M
- DÍA DO TEATRO 27 M
- CELEBRACIÓN DO DÍA DAS ARTES GALEGAS
- FESTIVAL DE TEATRO ESCOLAR DA ESTRADA
- CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

➤ PERSOA RESPONSABLE

A persoa responsable do equipo é Carmen Diéguez González , que conta cun equipo de profesores/as de apoio. A coordinador ten 6 horas de dedicación exclusiva e o profesorado de apoio 10 en total, das cales 2 son un recreo á semana e 6 son dunha sesión de clase. Non dispomos dunha hora de reunión semanal e as reunións hai que facelas nun recreo (15 minutos de reunión)

➤ ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS AO PLAN ANUAL

➤ DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Proxecto Lector de Centro: a través desta programación garántese un tempo dedicado á lectura co fin de traballar o elemento transversal de comprensión lectora e a competencia clave de Comunicación Lingüística, así como a promover o hábito e a paixón pola lectura.

Algunhas das actividades previstas para colaborar co Proxecto Lector do Centro son as seguintes: Lectura e análise de textos (xornalísticos, científicos, publicitarios, bibliográficos, etc.), uso da biblioteca de aula (diccionario científico e atlas xeográfico), fontes de información en soporte dixital ou impreso para o tratamento dos contidos,

redacción e lectura de textos escritos polo alumnado sobre temas relacionados coas unidades e recomendación da lectura libros de divulgación científica seleccionados da biblioteca do centro.

Durante a realización destas actividades levarase a cabo a avaliación do dominio da práctica e comprensión lectora, a distinción dos diferentes tipos de textos e a identificación da súa utilidade. O modo de rexistro será na ficha de seguimento de cada alumno/a. Informarase aos profesores das áreas de linguas e ao titor do progreso ou as incidencias en cada alumno/a, para tomar medidas de reforzo no momento que sexan precisas.

1º ESO

Neste curso usouse preferentemente: libro de texto, presentacións con imaxes e texto elaboradas pola profesora, noticias de prensa, páxinas web, así como lecturas puntuais extraídas dos seguintes libros:

- A miña familia e outros animais.-Gerald Durrell
- O home que prantaba árbores.-Jean Giono
- Todo lo que necesitas saber sobre el mundo.-Simon Eliot
- El mundo de los animales.-Desmond Morris
- Elemental, queridos humanos.-J.Luís Arsuaga
- La tierra herida.- Miguel Delibes/Miguel Delibes de Castro

3º ESO

Neste curso usouse preferentemente: libro de texto, presentacións con imaxes e texto elaboradas pola profesora, noticias de prensa e páxinas web . Combinouse sempre a lectura de textos e imaxes, ademais da observación atenta a través das prácticas no laboratorio por parte do alumnado.

- Realización de traballos trimestrais de búsqueda bibliográfica

4º ESO

- Artigos de prensa na aula
- Capítulo de *Una breve historia de casi todo* de Bill Bryson
- Textos especiación/evolución para comentario e preparación dos exames

-Traballo de busca bibliográfica trimestral

1º BACHARELATO

-Artigos de prensa na aula

-Traballo de busca bibliográfica trimestral

2º BACHARELATO

As esixencias propias do 2º de Bacharelato non fan deste curso un dos máis propicios para as recomendacións de libros de lectura adicional, posto que o alumnado xa ten unha carga suficiente cos contidos da materia. De tódolos xeitos, a lectura é a base do traballo diario na aula tanto a través dos contidos dos apuntamentos, como de fontes documentais e textos propostos na aula virtual. Puntualmente fixerónse na aula exercicios relacionados con lecturas extraídas dos seguintes libros:

-Comer cerezas con los ojos cerrados.-Pere Estupinyá

-El ladrón de cerebros.-Pere Estupinyá

-¿Por qué mi hijo se parece a su abuela?.-Inés García-Albi/Marcos Isamat

-El siglo de oro de la biotecnología vegetal.-J.Mª Seguí

-El collar del neandertal.-J.Luís Arsuaga

-Cazadores de microbios.-Paul de Kruiff

Tamén leron artigos científicos das revistas: Nature, Science y National Geographic.

➤ DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Os libros que foron incluídos como lecturas para este curso académico por parte do Departamento de Filosofía son os que se mencionan a continuación.

1º e 2º ESO VALORES ÉTICOS: Savater, Fernando. Ética para Amador. Editorial Ariel.

3º ESO VALORES ÉTICOS: Aristófanes. Lisístrata. Ed. Cátedra

4º ESO VALORES ÉTICOS: Thoreau, Henry David. Desobediencia civil y otros escritos. Editorial Ténos.

1º Bach Semipresencial FILOSOFÍA: Ortega y Gasset. ¿Qué es filosofía? Editorial Austral. Sartre, Jean Paul. El existencialismo es un humanismo. Editorial Edhasa.
2º Bach HISTORIA DO PENSAMENTO CIENTÍFICO: Brecht, Bertolt. Vida de Galileo. Alianza Editorial.

➤ DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA:

Accións de contribución ao proxecto lector:

É un obxectivo fundamental da materia **acostumar aos alumnos/as a ler** artigos de prensa, comentarios e libros con contidos económicos, empresariais e tecnolóxicos. Son varios os motivos:

- Melloran a motivación do alumnado favorecendo, traballando con contidos e actividades adaptados ao nivel real de posibilidades.
- Permiten empregar metodoloxías didácticas máis activas e motivadoras, nas que o máis importante é o traballo autónomo do alumnado, tanto de maneira individual como en grupos pequenos, e aproveita estas situacións para dar unha mellor resposta á diversidade dentro do propio grupo.
- Establece relacións entre os contidos das distintas materias tanto do mesmo ámbito como de ámbitos distintos, como forma de conseguir unha aprendizaxe máis significativa e máis útil para a vida.
- Promove aprendizaxes máis prácticas, reais e funcionais vinculando as actividades de aprendizaxe co contorno, potenciando as actividades de investigación, etc.

Neste apartado recóllense a planificación do traballo para o fomento da lectura co que esta materia pretende contribuír a mellorar a coñecemento técnico e a acadar os seguintes **obxectivos**:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Formar lectores competentes.
- Potenciar a comprensión lectora en galego e castelán.
- Fomentar que o alumnado a lectura como fonte de lecer.
- Fomentar o uso da biblioteca tanto no ámbito escolar como de ocio.
- Axudar na atención á diversidade.

En xeral, o **proceso metodolóxico** seguirá as seguintes pautas para acadar estes obxectivos:

- Breve exposición do profesor sobre o tema obxecto de estudio. Na maioría dos casos ilustrarase a presentación do tema cunha lectura motivadora en voz alta (por parte do profesor ou do alumnado). O libro de texto proposto dispón de lecturas e noticias en tódalas unidades.
- Lectura do tema do libro de texto por parte do alumnado.
- Exposición do tema por arte do profesor.
- Preguntas e comentarios sobre a exposición e as lecturas.
- Realización de exercicios, actividades e traballos.

- Cando se entregue material de prensa ou revistas, o alumnado deberá ler, resumir e comentar.
- Farase recomendación de lecturas, tanto para a actividade académica como para o tempo de lecer para consolidar o aprendido.
- Indicarase as fontes de información axeitadas para os contidos.
- Insistirase sobre a necesidade de expresarse con corrección a nivel oral e escrito, empregando da forma máis precisa o vocabulario técnico propio da materia. Nas correccións de probas e traballos o profesor incluírá un apartado de valoración da expresión escrita.
- Fomentarase as preguntas públicas na clase sobre os textos que non se entenden, evitando que os alumnos se sintan cohibidos.

Para acadar os obxectivos segundo as orientacións metodolóxicas anteriores, no Departamento intentarase levar a cabo as seguintes **actividades**:

Explicación dos fondos da Biblioteca do centro.

Periodicidade: Unha vez, no primeiro trimestre. Debido a falta de recursos na biblioteca do centro, o departamento buscará como mellorar esa dotación. Informarase ao alumnado das novas incorporacións ao longo do curso.

A prensa do día (comentando noticias de actualidade)

O obxectivo desta experiencia é que o alumno se interese pola actualidade e aprenda a interpretar a información. Consiste en distribuír un artigo de prensa entre os alumnos para comentalo e relacionalo co que se estea a estudar nese momento. Periodicidade: Semanal, por quendas entre o alumnado.

Elaboración dun vocabulario da materia.

Anotando nun caderno ou nun arquivo informático os termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso.

Periodicidade: Con cada tema.

Lectura individual por parte do alumnado de textos de contido económico, incluíndo textos legais. Posteriormente o alumnado interpretará o texto facendo un comentario de textos e/ou elaborará esquemas que lles axuden a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.

Periodicidade: Con cada tema.

Pautas para o comentario de texto:

- Comprender globalmente: poñer un título que recolla a esencia do

- texto (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información: facer un resumo de non máis de 10 liñas: (capacidade para extraer información do texto).
 - Reflexionar sobre o contido do texto e relacionar cos contidos vistos na materia.
 - Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).
 - Analizar o vocabulario, sinalando as palabras que non se comprenden e acudir a un dicionario para descubrir o seu significado.

Lectura en voz alta por parte do alumnado e/ou profesor.

A lectura en voz alta forma parte das actividades cotiás. Esta realízase sobre fragmentos do libro de texto (contidos teóricos e lecturas), sobre textos que se proporcionan aos alumnos, sobre artigos xornalísticos que se levan á aula, sobre artigos de revistas especializadas, etc.

A esta actividade lectora úneselle a actividade comprensiva do que se le. O noso departamento cre que tan importante é ler ben como entender o que se le. Por iso, e tamén de forma sistemática, os alumnos realizan, de forma oral ou escrita, comentarios

de texto, esquemas, exposicións orais e resumos dos fragmentos lidos. Se é necesario, a lectura é seguida pola explicación do profesor.

Periodicidade: Case tódolos días

Actividades de busca de información en Internet. É un dos contidos mínimos da materia. Periodicidade: Dependendo do tema, frecuente.

Uso de dicionarios.

Habituar ao alumnado a que busque o significado dun termo cando se descoñeza. Pódense empregar dicionarios en liña. É importante que os alumnos saiban atopar o significado técnico dun termo.

Periodicidade: Ocasional

Recomendación de lecturas.

Estas lecturas poden ser ensaios, artigos de revistas ou de xornais,... Entre as lecturas recomendadas, o Departamento destaca os libros de texto, lecturas de actualidade relacionadas con cada tema publicadas na Aula Virtual e os libros dos fondos da biblioteca, artigos e libros na rede e revistas e prensa especializada de interese xeral que están a disposición do alumnado na páxina web do Departamento no sitio do centro.

Periodicidade: A principio de curso.

Realización de traballos de investigación sobre dos distintos contidos da materia; (textos ou multimedia).

A través destas pequenas investigacións foméntase a lectura de diversas fontes, a súa análise, a súa síntese e a súa presentación, de forma escrita ou oral. A presentación oral poderá ser aos compañeiros da clase ou a tódolos alumnos do centro nos recreos na Biblioteca. Tamén pódense redactar entradas nos blog das materias. Periodicidade: Ocasional.

Escribir un artigo con percorridos por Internet

O obxectivo desta experiencia é que o alumno aprenda a atopar datos.

Cada alumno debe entrar nunha páxina web sobre as TIC (organismos internacionais, grandes empresas, ministerios, organismos,...) e describir a súa experiencia: vantaxes e inconvenientes que se atopou, facilidade ou dificultade de atopar información,..

Periodicidade: Esporádica.

Centros de interese e dúbidas (one-minute paper)

Consiste en pedir ao final da clase que, en só 1 minuto (ou 2-3 minutos) cada alumno indique: a) o máis interesante que aprendeu nesa clase; b) o que lle quedou menos claro. (O exercicio é obrigatorio). O profesor empeza a clase seguinte resolvendo dúbidas, sempre respondendo ás preguntas de forma anónima.

Periodicidade: Ocasional

➤ **DEPARTAMENTO DE CC SS**

Memoria Plan Lector 2017-18

No Departamento de CC SS, a lectura en distintos formatos e a visualización de material audiovisual está presente en todas as materias e cursos. As fontes literarias e visuais son fundamentais entre os recursos didácticos utilizados polo profesorado do Departamento, e para isto contamos cun extenso e actualizado catálogo de documentos na Biblioteca e no propio Departamento.

ACTIVIDADES XERAIS, en colaboración coa Biblioteca

- Elaboración dunha Guía cos recursos en banda deseñada da biblioteca, cuxos contidos teñen relación coas materias do departamento.
- Charla de Montse Fajardo: *Mulleres represaliadas polo franquismo*, en dúas sesión para alumnado de 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato.
- Organización, no segundo trimestre, dun concurso sobre o Románico na Estrada, coa participación tamén dos Departamentos de Galego e de Dinamización Lingüística.
- Organización e participación na ruta polo patrimonio cultural e natural da Estrada, coa colaboración do Concello da Estrada, que pagou os honorarios do guía, Xesús Borrageros, da empresa Tesouros Novos. Visitáronse catro igrexas románicas, e o castro e ferverza de Calobre. Participou alumnado de FP básica do ciclo de Administrativo, 4º da ESO e 2º da ESO.
- Torneo de Xadrez para a aprendizaxe e fomento de valores, nos recreos, con boa participación de alumnado, maioritariamente da ESO.
- Asistencia do alumnado de ESO e Bacharelato á representación da obra de teatro *A Lola*, por parte do grupo Avelaíña Teatro. A peza ten como protagonistas as mulleres que sufriron a represión franquista, e supón un achegamento directo e elocuente aos mecanismos do terror, e as súas consecuencias.

- **1º ESO**

- Participación na iniciativa “Hora de ler” da Biblioteca.
- Lecturas na aula en grupo: NEG (Os monumentos megalíticos, Rutas polos concello de A Estrada) e Stephen Hawking (Una breve historia del tiempo).

- **2º ESO**

Na programación da materia realizada para este curso, está proposto que cada unidade didáctica teña, nos instrumentos de avaliación, unha proba de lectura. Estas lecturas están relacionadas co tema a estudar e teñen a finalidade de mellorar a comprensión lectora e tamén a de achegar ao alumnado a unha época histórica.. Fixéronse lecturas de fragmentos seleccionados do libro de texto, da prensa escrita e tamén houbo un achegamento ás obras literarias da Idade Media. Para facer as lecturas seguimos varias pautas: Breve exposición da profesora sobre a obra e o período histórico; lectura na aula por parte do alumnado, as veces na pizarra dixital e en voz alta; realización de actividades e traballos sobre a lectura.

As lecturas realizadas foron fragmentos de:

- A Canción de Roldán

- As Mil e Unha Noites
- A Lenda de Artur
- *Señor do 0*, de Isabel Molina
- Cantar do Cid
- *Xoana de Arco*, de Mark Twain
- Os Piores da Terra, de Ken Follet

Cada semana recibimos o xornal *La Voz de Galicia (Programa Prensa-escola)*. Fixemos un visionado rápido e seleccionamos aquelas noticias relacionadas coa materia para logo traballalas na aula: informes da poboación de Galicia, pirámides de poboación, informes sobre acontecementos históricos como o nacemento das Cortes de León, etc. Estas lecturas serviron de base para exposicións ou traballos.

Tamén traballamos a lectura de fragmentos do libro *O Nome da Rosa*, de Umberto Eco, e logo fixemos a visualización da película de Jean Jaques Annaud, mesturando a lectura e a imaxe.

Para o estudo da cultura xudía na Península Ibérica utilizamos *videos de Youtube* como forma de achegarnos á lingua sefardita ou ladino. Tamén elaboramos un compendio de todo o vocabulario artístico utilizado ao longo do curso.

Colaboramos co Proxecto Interdisciplinar *Coñece o teu entorno* organizado pola Biblioteca do centro e que tratou sobre o Románico da Estrada. Fixemos unha visita guiada a varias das igrexas. Así mesmo tamén participamos na *Hora de ler* organizada pola Biblioteca do centro.

• 3º ESO

- Participación na iniciativa “Hora de ler” da Biblioteca.
- Visita á exposición do Mestre Mateo... (autor. na carpeta Departamento).
- Traballos monográficos de Historia a partir dos fondos dispoñibles na Biblioteca.
- Lecturas na aula en grupo: *Momentos estelares de la humanidad* de Stefan Zweig

• 4º E.S.O. – Ciencias sociais - Historia

Neste curso usamos preferentemente: apuntamentos elaborados polo propio profesor da materia, presentacións con imaxes e texto elaboradas polo profesor, noticias de prensa, páxinas web, e as propias investigacións do alumnado. Na aula, acotío, fixéronse lecturas en voz alta por parte do alumnado, comentadas e con información ampliada por parte do profesor.

1º trimestre

- Traballo sobre artistas (en parella): procura de información sobre determinados autores e a súa obra, elaboración dunha presentación, e exposición oral na aula.
- Presentacións: Obras de arte senlleira dos s. XVII- XVIII; Artemisia Gentileschi.

2º trimestre

- Traballo sobre a biografía de mulleres relevantes (individual): procura de información sobre determinados autores e a súa obra, elaboración dunha presentación, e exposición oral na aula.
- Visualización do documental: *Saturnino Navazo, fútbol en el infierno*, con motivo do Día do Holocausto.
- Visualización do documental: *Campos de muerte* da BBC (sobre a 1ª Guerra Mundial)
- Visualización da película: *12 años de esclavitud*, de Steve McQueen
- Lectura dun fragmento do cómic *La guerra de las trincheras*, de Jacques Tardi, e realización dun cuestionario sobre o mesmo.
- Presentacións: *2017, pasaron algunhas cousas*; *Olympe de Gouges*

3º trimestre

- Presentacións: Goya; Principais obras de arte do s. XIX e principios do XX; Persoeiros da Historia Contemporánea.
- Lecturas, con entrega dunha recesión sobre as mesmas:
 - *Un animal chamado néboa*, de Leticia Costas
 - *Enderezo descoñecido*, de Kressmann Taylor
 - *O violín de Auschwitz*, de María Àngels Anglada
 - *Maus*, de Art Spiegelman
 - *Mi guerra. De La Rochelle a Dachau*, de Tiburce Oger
 - *Deportado 4443*, de Carlos Hernández e Ioaness Ensis
- Historia de vida: Traballo de historia oral (en grupo de 3/4 alumnos/as): Enquisa aos seus avós, avoas, ou persoas maiores; elaboración dunha presentación común coa información recollida por cadanseu alumno. *Non deu tempo a expor o traballo.
- Participación na *Olimpiada da Historia*, organizada pola Facultade de Historia da Universidade de Vigo-Ourense.
- **1º DE BACHARELATO, diurno**

Na programación de Historia do Mundo Contemporáneo realizada para este curso, está proposto que cada unidade didáctica, nos instrumentos de avaliación, teña unha proba de lectura. As lecturas están relacionadas co tema a estudar e teñen como finalidade achegar ao alumnado lector a unha determinada época histórica. Delas realizan un traballo. Tráballouse ademais a fotografía como documento histórico.

Lecturas realizadas foron fragmentos de:

- *Instrucción física y moral de las mujeres* de Josefa de Amar y Borbón

- *Los Miserables* de Victor Hugo
- *La tribuna* de Emilia Pardo Bazán
- *Kim* de Rudyard Kipling
- *La guerra de las trincheras*, de Tardi (banda deseñada)
- *Maus, relato de un supervivente* de Art Spiegelman
- *Adolf* de Osamu Tezuka
- Catálogo da exposición *Auschwitz. No hace mucho, no muy lejos*
- *Auschwitz-Bikernau. El lugar donde estás*
- *El Cuaderno de Bocetos de Auschwitz*

Utilizamos prensa antiga para tratar o tema da Gripe Española, a Primeira Guerra Mundial e a Revolución rusa.

Tamén fixemos visualización de películas e documentais dos que logo se elaborou un informe ou se realizaron actividades:

- *Campos de muerte*
- *Mauthausen. El deber de recordar*
- *Apocalypse Now*
- *A Lista de Schindler*
- *Germinal*

O alumnado deste curso asistiu á charla de Montse Fajardo sobre a mulleres represaliadas na Guerra Civil e postguerra. Previamente leuse na clase documentación referente a este tema.

- **2º BACH**

– **Historia da Arte**

Biografías de Velázquez, Goya e Picasso en e lecturas de *Cartas a Theo* e do manual de Gombrich: *A Historia da Arte*.

- **Historia de España (2º de Bacharelato)**
 - Usáronse con frecuencia fragmentos de películas (do portal [Cliphistoria](#)) e a serie documental 'Memoria de España'. Vimos na aula o documental *Saturnino Navazo, fútbol en el infierno*.
 - As presentacións en power point e a análise de imaxes constituíron unha ferramenta esencial no desenvolvemento das explicacións.
 - Animouse ao alumnado e premiouse na nota a lectura de libros e cómics, e o visionado de películas, sobre os contidos da materia cos que contamos na biblioteca. Por exemplo: *La Voz Dormida* (libro e película), *Bienvenido Mister Marshall*, *La Colmena*, *O lapis do carpinteiro*, *A noite branca*, *Los surcos del*

azar, Paracuellos, 36-39 malos tiempos, As serpes cegas, División Azul, Triloxía da Guerra de Cuba, El arte de volar, Las guerras silenciosas, etc.

- **Xeografía de España (2º de Bacharelato)**

- Na aula traballouse acotío con noticias de prensa relacionadas cos contidos da materia.
- As explicacións acompañáronse en ocasións de fragmentos da serie documental 'España desde el aire'.
- As presentacións en power point e a análise de imaxes constituíron unha ferramenta esencial no desenvolvemento das explicacións.
- Vimos o documental *Queda alguén aí?* de Rafael Cid

EDUCACIÓN ADULTOS

- **ESA**

Na Educación de Adultos hai alumnado na modalidade Presencial e Semipresencial. Non traballamos nada de lectura en Semipresencial por razóns de tempo, xa que temos só unha hora lectiva á semana.

En Presencial houbo que traballar moito a comprensión lectora, posto que moito alumnado tiña serias dificultades, ademais de nulo hábito de lectura. Fixemos lectura en voz alta na clase debido ao mal nivel da meirande parte do alumnado.

As lecturas foron de fragmentos de libros de texto relacionados co tema a tratar. Intentouse facer unha iniciación ao comentario de texto. Traballamos o tema do voto feminino en España e os campos de exterminio. Visualizamos documentais moi sinxelos de cada etapa histórica e tamén o documental *Campos de Muerte*.

- **Historia do Mundo Contemporáneo (1º Bacharelato, adultos)**

No Bacharelato adultos as lecturas recomendadas son as mesmas que no Bach ordinario. Non se fixeron na aula por falta de tempo. Hai que ter en conta que só temos unha hora lectiva á semana, de 45'. Tamén se recomendou a visualización dos documentais e películas ante a imposibilidade de facelo na aula. Visualizamos *Campos de Muerte* e *El deber de recordar* con motivo do Día do Holocausto.

➤ DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

1º ESO

1ª avaliación. **Escarlatina, a cociñeira defunta** de Leticia Costas

2ª Avaliación **Antoloxía de poemas de Rosalía de Castro**

3ª Avaliación **A pomba e o degolado** de Fina Casalderrei

Libros que o alumnado leu en 1º ESO reforzo.

Contos por palabras de Agustín Fernández Paz

Tonecho de Rebordechao de Breogán Riveiro

Que asco de bichos de Roald Dahl.

2º ESO

1º TRIMESTRE

Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta

Autora: Leticia Costas

Lecturas voluntarias libres, sobre propostas personalizadas para o alumnado. *O abrigo verde* e *Os escaravellos voan á tardiña*, de María Gripe; *Corredora*, de María Reimondez; *Meu irmán é un xenio*, de Rodrigo Muñoz, para os de escaso hábito lector; a saga de *Basilius Hoffmann* de Fernando Cimadevila, para lectores avanzados con gusto de misterio/fantasia etc.)

ACI: *Corredora*, de María Reimóndez

2º TRIMESTRE

Cartas de inverno

Autor: Agustín Fernández Paz

Lecturas voluntarias libres, sobre propostas personalizadas para o alumnado. *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña; *A historia interminable*, de Michael Ende, *A odisea* (adaptación para nenos) etc.

ACI: *Meu irmán é un xenio*, de Rodrigo Muñoz

3º TRIMESTRE

Mecanoscrito da segunda orixe

Autor: M. de Pedrolo (Trad. María Victoria Moreno)

Lecturas voluntarias libres: varios títulos de Fina Casalderrey.

ACI: *Voa, voa* (adaptación do Espantallo amigo, de Neira Vilas ao xénero dramático, de interese para a alumna)

3º ESO

1ª avaliación. **O corazón de Xúpiter** de Leticia Costas

2ª Avaliación **Anagnórese** de María Victoria Moreno

3ª avaliación. **Corredores de sombras/ Noite de voraces sombras** de Agustín Fernández Paz

Na hora de ler, a maior parte dos libros lidos están en galego. Os máis lidos foron:

Corredora de María Raimóndez

Un monstruo vén a verme de Patrick Ness (tradución ao galego)

Once portas de Héctor Cajaraville

O violín de Auschwitz de Maria Àngels Anglada (tradución ao galego)

A expedición ao Pacífico de Marilar Alexandre

Quérote de Ursula Heinze

Quen matou a Inmaculada da Silva de Marina Mayoral

Poderosa de Sergio Kein (tradución ao galego)

4º ESO

Ademais das lecturas que veñen no libro de texto, o alumnado leu contos que se recollen no libro **Antoloxía do conto galego do século XX**. En concreto os relatos de Castelao, Risco, Dieste, Blanco Amor e Cunqueiro.

1ª avaliación.

Anagnórese de María Victoria Moreno

2ª avaliación.

Reo de Xesús Fraga

O achado do castro de Núñez Singala

O papiro do César (cómic)

3ª avaliación.

Noite de voraces sombras de Agustín Fernández Paz

Na hora de ler, a maior parte dos libros lidos están en galego. Os máis lidos foron:

Un monstruo vén a verme de Patrick Ness (tradución ao galego)

Corredora de María Raimóndez

O violín de Auschwitz de Maria Àngels Anglada (tradución ao galego)

A expedición ao Pacífico de Marilar Alexandre

Quérote de Ursula Heinze

Quen matou a Inmaculada da Silva de Marina Mayoral

Poderosa de Sergio Kein (tradución ao galego)
Vento ferido de Carlos Casares
Escola de menciñeiros de Cunqueiro
Xente de aquí e acolá de Cunqueiro
Historias de emigrantes de Neira Vilas
Memorias dun neno labrego de Neira Vilas
O crepúsculo e as formigas de Méndez Ferrín
O curioso incidente do can a media noite

1º BACHARELATO

1º TRIMESTRE

A praia dos afogados

Autor: Domingo Villar

Alternativa para os que xa o leran: *Ollos de auga*, do mesmo autor e no mesmo escenario (complementado coa xincana nos espazos da novela en Vigo).

2º TRIMESTRE

Non hai noite tan longa

Autor: Agustín Fernández Paz

Alternativa para os que xa o leran: *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas (resultoulles difícil de ler)

3º TRIMESTRE

Anagnórise

Autora: María Victoria Moreno

Lectura colectiva voluntaria (para a actividade de entrevista Letras Galegas): *Doce cartas a María Victoria Moreno*, de Ánxela Gracián

Libros que o alumnado leu en 1º bacharelato semipresencial:

1ª avaliación. **Noite de voraces sombras** de Agustín Fernández Paz

2ª avaliación. **O corazón de Xúpiter** de Leticia Costas

3ª avaliación. **Anagnórese** de María Victoria Moreno

Libros que o alumnado leu en 2º bacharelato semipresencial:

1ª avaliación. **Memorias dun neno labrego** de Neira Vilas

2ª avaliación. **A esmorga** de Blanco Amor

3ª avaliación. **Anagnórese** de María Victoria Moreno

2º DE BACHARELATO

1ª avaliación. **Scorpio** de Carvalho Calero

2ª Avaliación: **A Esmorga** de Blanco Amor

3ª Avaliación: **Resistencia** de Rosa Aneiros

FP BÁSICA 1

O corazón de Xúpiter de Leticia Costas

Noite de voraces sombras de Agustín Fernández Paz

FP BÁSICA 2

Antoloxía do conto galego do S. XX

➤ DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA

2ºESO

O alumnado tiña que escoller entre os seguintes libros:

Antonio Skarmeta: El cartero de Neruda

Andreu Martín: Todos los detectives se llaman Flanagan

Maite Carranza: Palabras envenenadas

Julio Verne: Veinte mil leguas de viaje submarino

Robert Louis Stevenson: La isla del tesoro

Miguel Delibes: El camino.

Gabriel García Márquez: Relato de un naufrago.

3º ESO

- Maite Carranza: Palabras envenenadas.

- Luis Sepúlveda: Un viejo que leía novelas de amor.

- Wenceslao Fernández Flórez: El bosque animado

3º ESO PMAR

- Daniel Defoe: Robinson Crusoe (versión adaptada)
- Maite Carranza: Palabras envenenadas.
- Miguel Delibes: El camino.

4º ESO

- José Luis Sampedro: La sonrisa etrusca
- Miguel Delibes: Las guerras de nuestros antepasados.
- Julio Llamazares: Luna de lobos.

2º BACH

- Antonio Buero Vallejo: La fundación.
- Gabriel García Márquez: Crónica de una muerte anunciada.
- Federico García Lorca: Romancero gitano.
- Eduardo Mendoza: La verdad sobre el caso Savolta.

1º BACH SEMIPRESENCIAL

- El Lazarillo de Tormes.
- Gustavo Adolfo Bécquer: Rimas.
- José Zorrilla: Don Juan Tenorio.

2º BACH SEMIPRESENCIAL

- Antonio Buero Vallejo: La fundación.
- Gabriel García Márquez: Crónica de una muerte anunciada.
- Federico García Lorca: Romancero Gitano. .
- Eduardo Mendoza: La verdad sobre el caso Savolta.

LITERATURA UNIVERSAL

- William Shakespeare: Hamlet
- Fernando Pessoa: Poemas de Alberto Caeiro,
- Stephan Zweig: Novela de Ajedrez.

➤ **DEPARTAMENTO DE GREGO**

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR 2017-18

Sobre a animación á lectura, este departamento pretende fomentar o desenvolvemento de actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e da expresión oral. Nese sentido, formarán parte da rutina diaria a lectura en voz alta de textos (orixinais e traducidos), as recomendacións de libros adecuados aos intereses e madurez dos

estudantes, a exposición oral de traballos ante o grupo, e cantas actividades se propoñan polo centro para reforzar estes aspectos.

Por outra banda, as lecturas para cada curso son a seguintes:

GREGO 1º DE BACHARELATO:

- Arturo Pérez: `La Civilización Griega' (cap. 2 e 3)
- R. López Melero: `Así vivían en la Grecia Antigua' (cap 3,4)
- Eurípides, Electra

GREGO 2º DE BACHARELATO

Ademais dos textos orixinais de Xenofonte e Platón propostos para a tradución, as lecturas seguintes:

- Homero: Ilíada (cantos I, VI, XVI e XXII)
- Juan Ferraté: Líricos griegos arcaicos (Safo, Alceo e Arquíloco)
- Sófocles: Edipo Rei
- Aristófanes: As Nubes
-

LATÍN 1º BACHARELATO

Textos orixinais adaptados de Fedro e César e lectura voluntaria dalgún dos seguintes textos:

- Concha Romero: Así aman los dioses
- Fernando Lillo: Un salmantino en Roma
- Antonio Sánchez Escalonilla: Ana y la sibila
- Asterix en Hispania
-

LATÍN 2º BACHARELATO

Textos orixinais de Eutropio e Fedro.

- Horacio: Odas (antoloxia)
- Plauto: Os xemelgos
- Virxilio: A Eneida (cantos I e IV)

LATÍN 4º ESO

- Plauto: Os xemelgos
- Asterix e Cleopatra
- Concha Romero: Así aman los dioses

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

- Ovidio: algúns episodios das Metamorfoses
- Antonio Sánchez Escalonilla: Ana y la sibila
- Sauro Marianelli: Unha historia na historia

Coma tódolos anos os alumnos a cargo do departamento asistiron o 10 de abril a representación de dúas obras clásicas na cidade de Ourense. Unha comedia de Plauto (Os xemelgos) e unha traxedia de Eurípides (Electra).

➤ DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O alumnado da ESO lerá dous libros de lectura, un no segundo trimestre e outro no terceiro trimestre. En Bacharelato so terá libros de lectura obrigatorio 1º Bacharelato, xa que o departamento considerou que 2º de Bacharelato traballaría na aula cun abano amplo de lecturas diversas para ter un maior coñecemento cara os exames de ABAU.

Este curso mantemos os títulos do curso anterior para non gravar a economía das familias. A falta de exemplares suficientes na biblioteca obriga a que non se poda ofertar a todo o alumnado a posibilidade de escoller lecturas diferentes e cada nivel lerá os mesmos libros.

Os títulos escollidos son:

1º ESO:

- Lost in the jungle. Editorial: Burlington Books.
- The ghost teacher. Editorial: Burlington Books

2º ESO:

- British and American festivities. Editorial:Big Apple.

3º ESO:

- All about Ireland. Editorial: Burlington Books.
- The ghost of Featherstone Castle. Editorial: Burlington Books.

4º ESO:

- The secrets of Silver Lake. Editorial: Burlington Books.
- Channel to the future. Editorial: Burlington Books.

1º Bacharelato:

- The Murders in the Rue Morgue and other stories . Editorial: Burlington Books.
- The secret diary of Adrian Mole. Editorial: Burlington Books.

Libros recomendados para cada nivel:

1º ESO:

- All about Britain. Editorial: Burlington Books.
- The Mummy's Secret. Editorial: Burlington Books.
- Tarzan of the Apes. Editorial: Burlington Books
- The adventures of Tom Sawyer. Editorial: Burlington Books.
- Gulliver's Travels. Editorial: Burlington Books.
- Witches and Wizards. Editorial: Burlington Books.

2º ESO:

- All about Scotland. Editorial: Burlington Books.
- The Abandoned House. Editorial: Burlington Books.
- A Ghost Collection. Editorial: Burlington Books.
- Shopping for Trouble, (level 2). Editorial Richmond-Santillana
- Queen Arthur. Editorial: Burlington Books.
- All about the USA. Editorial: Burlington Books.
- The Canterville ghost. Editorial: Burlington Books.

3º ESO:

- Vampire tales. Editorial: Burlington Books.
- A Sherlock Holmes Collection. Editorial: Burlington Books.
- Madame Doubtfire. Editorial: Burlington Books.
- A Dream Come True. Editorial: Burlington Books.
- Recipe for Success. Editorial: Vicens Vives.

- All about Wales. Editorial: Burlington Books.
- The Jungle Book. Editorial: Burlington Books.

4º ESO:

- London. Editorial: Black Cat.
- Dracula. Editorial: Burlington Books.
- Caring for our planet. Level 6. Editorial: Oxford University Press
- People Who Changed the World. Editorial: Burlington Books.
- Dracula. Editorial: Burlington Books.
- Dr. Jekyll and Mr. Hyde. Editorial: Burlington Books.
- Moby Dick. Editorial: Burlington Books.

1º Bacharelato:

- A foreigner in Britain. Editorial: Burlington Books.
- The Fruitcake Special and other stories. Editorial: Cambridge University Press.
- The English-speaking world. Editorial: The Black Cat.
- Women who made a difference. Editorial: Burlington Books.
- The Importance of Being Ernest. Editorial: Burlington Books.
- Jane Eyre. Editorial: Burlington Books.
- The Hunchback of Notre Dame. Editorial: Burlington Books.

2º Bacharelato:

- Oscar Wilde Short Stories. Editorial: Burlington Books.
- The birds and other stories. Editorial: Burlington Books.
- American Cities. Editorial: The Black Cat.
- Slumdog Millionaire. Editorial: MacMillan.
- A foreigner in New York. Editorial: Burlington Books.
- Frankenstein. Editorial: Burlington Books.
- The Growing Pains of Adrian Mole. Editorial: Burlington Books.

Na Biblioteca do noso centro, sección Departamento de Inglés, hai variedade de títulos para todos os niveis, non só para o alumnado se non tamén para o persoal docente e non docente.

➤ **PLAN LECTOR TECNOLOXÍA**

(Tecnoloxías 2º e 3º ESO)

- Elaboración da documentación necesaria para presentar a Memoria do proxecto técnico desenvolvido en cada avaliación.
- Realización de resumos e esquemas das unidades.
- Procura de información en Internet.
- Procura de información en catálogos.
- Exposición oral, ante o resto de compañeiros, das prácticas desenvolvidas en cada avaliación (explicación do funcionamento utilizando a terminoloxía adecuada, descrición dos problemas xurdidos e as solucións adoptadas, explicación de posibles aplicacións reais)
- Utilización con soltura de vocabulario técnico.
- Manexo e comprensión das Fichas Técnicas de características.
- Lecturas diversas.

(Tecnoloxía 4º ESO)

- Elaboración da documentación necesaria para presentar a Memoria do proxecto Técnico desenvolvido para cada unha das prácticas.
- Exposición oral, ante o resto de compañeiros, das prácticas desenvolvidas en cada avaliación (explicación do funcionamento utilizando a terminoloxía adecuada, descrición dos problemas xurdidos e as solucións adoptadas, explicación de posibles aplicacións reais)
- Lecturas diversas, sobre a prevención de accidentes laborais relacionados con este campo de traballo.
- Procura de información en Internet.
- Procura de información en catálogos.
- Utilización con soltura de vocabulario técnico.

(Tecnoloxía industrial 1º Bach)

- Lectura e interpretación de artigos actuais, relacionados cos diferentes bloques temáticos (novos materiais, sistemas de control, sistemas neumáticos, electrónica, ensaio de materiais)
- Utilización con soltura de vocabulario técnico.
- Manexo e comprensión da Fichas Técnicas Características.
- Elaboración de diversos documentos ou arquivos, dos diferentes programas cos que se vai a traballar, documentos de texto, follas de cálculo, bases de datos, presentacións electrónicas
- Lecturas diversas, sobre o impacto social e económico derivado do uso das TIC, no quefacer cotián.
-

Á HORA DE LER

Recomendamos ás seguintes lecturas para os distintos cursos:

Título	Curso recomendado	Xénero	Temática
La invención de Hugo Cabret	2º-4º ESO	Novela	Autómatas, narración visual
O xogo de Ender	2º-3º ESO	Novela	Resolución de problemas (estratexias),Traballo engrupo
Flores para Algernon	2º ESO	Novela	¿Que fai á unha persoa humana?
Estela	2º ESO	Cómic	A xestión dos recursos
A illa misteriosa	2º ESO	Novela	Aprendizaxe e aproveitamento de recursos
La vuelta al mundo de un forro polar rojo	3º ESO		Producción industrial, plásticos, redes de transportes, consumismo, medio ambiente,...
El nombre del mundo es bosque	3º-4º ESO	Novela	Ecoloxía
Chernóbil- La zona	3º ESO	Cómic	Enerxía nuclear
La era del diamante	4º ESO	Novela	Educación no século XXI
Snowcrash	4º ESO	Novela	Mundo dixital, redes
2044+Teoría do tempo imaxinario	4º ESO-1º BACH	Novela	Realidade virtual
Cita con Rama	4º ESO	Novela	Enxeñería inversa, exploración tecnolóxica
The road	4º ESO	Novela	Distopía(mundo sen tecnoloxía)
El tercer testamento	4º ESO	Novela	Inteligencia artificial
Spam	4º ESO	Novela	A sociedade diante das novas TIC
Contact	4º ESO	Novela	Telecomunicacións
Entrevista	4º ESO	Cómic	Futuro
Día de mercado	4º ESO	Cómic	Revolución industrial
Criptonomicón	Bacharelato	Novela	criptografía
Luminoso	Bacharelato	Novela	Ciencia e tecnoloxía actual
Microsiervos	Bacharelato	Novela	Mundo laboral, TIC
V de Vendetta	Bacharelato	Cómic	Medios de comunicación
Ghost in the machine	Bacharelato	Cómic	Inteligencia artificial, realidade virtual

Á HORA DE VER

Recomendamos as seguintes películas, series e documentais para os distintos cursos:

Título	Curso recomendado	Temática
Minority Report	4º ESO - Bacharelato	Evolución da tecnoloxía, televixilancia
Black Mirror Temp. 1, cap 1	Bacharelato	Medios de comunicación
Black Mirror Temp. 1, cap 2	Bacharelato	TV
Black Mirror Temp. 1, cap 3	Bacharelato	Hiperconectividade, vida dixital
Black Mirror Temp. 2, cap 1	4º ESO - Bacharelato	Vida artificial e virtual
Black Mirror Temp. 2, cap 2	Bacharelato	Ética, redes sociais
Black Mirror Temp. 2, cap 3	Bacharelato	Política e información
Black Mirror Temp. 3, cap 1	4º ESO - Bacharelato	Redes sociais
Black Mirror Temp. 3, cap 3	Bacharelato	Seguridade en internet
Black Mirror Temp. 3, cap 6	4º ESO - Bacharelato	Redes sociais
Black Mirror Capítulo especial: Blanca Navidad	Bacharelato	Tecnoloxía e sociedade
Black Mirror Temp. 4, cap 2	Bacharelato	Política do medo
Black Mirror Temp. 4, cap 6	Bacharelato	Tecnoloxía e relacións persoais
El show de Truman	Bacharelato	TV, privacidade
The surrogates (los sustitutos)	4º ESO	Robótica
Eva	3º - 4º ESO	Robótica
Robot&Franck	3º - 4º ESO	Robótica
Silicon Valley (serie)	Bacharelato	Mundo laboral TIC, economía TIC
Cube	4º ESO	Resolución de problemas, traballo en grupo, modelización matemática
V de vendetta	Bacharelato	Medios de comunicación
Historia Prohibida 18: El genio de Nikola Tesla	3º ESO- 4º ESO- Bacharelato	Electricidade e sociedade
Obsolescencia programada	4º ESO - Bacharelato	Tecnoloxía e sociedade
La noche temática: La trama del amianto	Bacharelato	Materiais e sociedade

A Estrada, 08 de xuño de 2018

